

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 20 de xaneiro de 2025 pola que se contrata persoal laboral fixo na categoría profesional de técnico/a especialista de zonas verdes, grupo III, en virtude de probas selectivas convocadas pola Resolución do 18 de abril de 2023.

De conformidade coa proposta elevada polo tribunal cualificador das probas selectivas convocadas pola Resolución do 18 de abril de 2023 (*Diario Oficial de Galicia* do 27 de abril) para cubrir con persoal laboral fixo sete prazas da categoría profesional de técnico/a especialista de zonas verdes, grupo III, pola quenda de promoción interna, unha vez comprobado que as persoas seleccionadas reúnen os requisitos exixidos na base 2 da convocatoria, e de conformidade co disposto no artigo 85.j) dos estatutos da USC,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a proposta feita polo tribunal cualificador e contratar como persoal laboral fixo na categoría profesional de técnico/a especialista de zonas verdes as persoas que superaron o proceso selectivo e que se relacionan no anexo desta resolución.

Segundo. As persoas seleccionadas formalizarán o seu contrato ante o Servizo de Xestión de Persoal, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

No caso de que as persoas aspirantes se atopen en situación de incapacidade temporal, o prazo para a sinatura do contrato comezará a partir do día hábil seguinte ao da data da alta médica, que deberá acreditar. Quedan exceptuadas do disposto neste parágrafo as situacións derivadas da maternidade ou paternidade, en que se poderá asinar o contrato durante esta situación.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

CVE-DOG: wbz8iq83-yq10-yjo5-4zt0-seajn0mt1lv4



Non obstante, as persoas interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2025

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

ANEXO

Número de orde	DNI	Apelidos e nome
1	***6032**	Ramos Sánchez, Antonio
2	***6968**	García-Bodaño Pereira, Ramón
3	***1237**	García Castro, Alberto
4	***5277**	Salgado Ferreiro, Manoel Francisco
5	***4391**	Vázquez Leborán, Miguel Ángel
6	***9959**	Otero Pazos, Álvaro

CVE-DOG: wbz8iq83-yqlo-yjo5-4zt0-seaj0mt1lv4

